

Sra. conselleira de Medio Ambiente e  
Ordenación do Territorio  
*(Dirección xeral de Conservación da Natureza)*  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/15/15


Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2015

Sra. conselleira:

Por mor da queixa presentada ante esta institución por don Julio Fernández González os días 7 de xullo (R. saída 7465/15) e 11 de setembro de 2015 (R. saída 9453/15), requiriuse informe á anterior Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a última vez requirindo o seu envío con urxencia (adiantándoo vía fax ou e-mail).

A pesar diso aínda non se recibiu o informe reiteradamente demandado, polo que de novo se require o seu envío urxente (e que se adiante por fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da Lei do Valedor do Pobo). No caso de persistir o atraso no cumprimento desa obriga legal procederemos a formular unha advertencia sobre as súas consecuencias legais.

Reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo